Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Representación de obxectos con sistemas CAD 2D - Aprenderase a manexar as ferramentas de CAD 2D para representar produtos mecánicos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da contorna de traballo de programas CAD 2D: espazo modelo e presentación, ferramentas (debuxar, modificar, propiedades, acoutar, capas...), librerías Elaboración de plantillas para a realización de planos. Configuración da presentación. Escalado na presentación. Correxir malas execucións e orientar. 	<ul style="list-style-type: none"> Atender ás explicacións e reproducir no seu PC o que lle indique o profesor/a. Facer diferentes representacións utilizando o programa de CAD 2D nun tempo razoable. Utilizar os elementos contidos en librerías específicas para os seus planos. Elaborar planos de produtos mecánicos mediante programas CAD 2D 	<ul style="list-style-type: none"> Arquivos cos deseños elaborados 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e informáticos. Software CAD 2D. Encerado. Apuntamentos, manuais e exercicios proporcionados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Documentación gráfica en programas CAD 2D OU.2 - Documentación gráfica en programas CAD 2D OU.4 - Documentación gráfica en programas CAD 2D OU.5 - Documentación gráfica en programas CAD 2D TO.1 - EV aplicada á elección de opcións e preferencias do CAD TO.4 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	23,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestión de ficheiros e impresión de planos en sistemas CAD 2D - Farase a importación e exportación de ficheiros e impresión de planos en sistemas CAD 2D	<ul style="list-style-type: none"> • Ensinar a técnica para exportar e importar ficheiros de xeito que podan ser empregados noutras aplicacións informáticas. • Ensinar a facer configuracións para imprimir. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exportar ficheiros posibilitando o traballo en grupo e a cesión de datos para outras aplicacións. • Imprimir planos 	<ul style="list-style-type: none"> • Arquivos cos deseños elaborados 	<ul style="list-style-type: none"> • Medios audiovisuais e informáticos. Software CAD 2D. Encerado. Apuntamentos, manuais e exercicios proporcionados polo profesor. Plotter 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.2 - EV aplicada á xestión de ficheiros • TO.3 - EV aplicada a impresión e pregado de planos • TO.4 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	2,0
Representación isométrica de tubaxes - Aprenderase como facer a representación isométrica de tubaxes	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar a representación isométrica de tubaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dado un plano de tubería en isométrico, indicar o recorrido da tubería • Facer a representación isométrica de tubaxes 	<ul style="list-style-type: none"> • Arquivos cos deseños elaborados 	<ul style="list-style-type: none"> • Medios audiovisuais e informáticos. Software CAD 2D. Encerado. Apuntamentos, manuais e exercicios proporcionados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.3 - Documentación gráfica en programas CAD 2D • TO.4 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	10,0
TOTAL						35,0



4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Deseño asistido por computador CAD 3D	35

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora documentación gráfica para a fabricación de produtos mecánicos utilizando aplicacións de debuxo asistido por computador.	NO

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Manexar as ferramentas de deseño CAD 3D 1.2 Empregar os elementos contidos en librerías de sistemas CAD 3D 1.3 Elaborar planos en programas CAD 3D	1	Representación de obxectos con sistemas CAD 3D	25,0
2.1 Manexar as ferramentas da simulación 3D 2.2 Asignar restricións ás pezas para simular a súa montaxe e o seu movemento	2	Simulación en sistemas CAD 3D	8,0
3.1 Importar e exportar ficheiros 3.2 Configurar o software para facer a impresión de planos	3	Xestión de ficheiros e impresión de planos en sistemas CAD 3D	2,0
TOTAL			35

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Seleccionáronse opcións e preferencias do CAD en función das características da representación que cumpra realizar.	● TO.1 - EV aplicada á elección de opcións e preferencias do CAD	N	2
CA1.3 Representáronse obxectos en dúas e en tres dimensións.	● OU.1 - Documentación gráfica en programas CAD 3D	S	40
CA1.5 Utilizáronse os elementos contidos en librerías específicas.	● OU.2 - Documentación gráfica en programas CAD 3D	N	2
CA1.6 Representáronse as cotas e as tolerancias dimensionais, xeométricas e superficiais da peza ou do conxunto, consonte a normativa de aplicación.	● OU.3 - Documentación gráfica en programas CAD 3D	S	15
CA1.7 Asignáronselles restricións ás pezas para simular a súa montaxe e o seu movemento.	● OU.4 - Documentación gráfica en programas CAD 3D	S	10
CA1.8 Simulouse a interacción entre as pezas dun conxunto para verificar a súa montaxe e a súa funcionalidade.	● OU.5 - Documentación gráfica en programas CAD 3D	S	10
CA1.9 Importáronse e exportáronse ficheiros posibilitando o traballo en grupo e a cesión de datos para outras aplicacións.	● TO.2 - EV aplicada á xestión de ficheiros	N	2
CA1.10 Imprimíronse e pregáronse os planos seguindo as normas de representación gráfica.	● TO.3 - EV aplicada á impresión e pregado de planos	S	4
CA1.11 Actuouse no traballo de xeito responsable, de forma ordenada e metódica; e cumpríronse os obxectivos.	● TO.4 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo.	N	15
TOTAL			100



4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Programas de CAD.</p> <p>0Asignación de materiais e propiedades. Asignación de restricións.</p> <p>Representación de obxectos en 2D e 3D.</p> <p>Xestión de ficheiros de debuxo.</p> <p>Impresión.</p> <p>Rigor, orde e desenvolvemento metódico do traballo. Autonomía e iniciativa persoal.</p> <p>Configuración do software.</p> <p>Ordes de debuxo de entidades.</p> <p>Ordes de modificación.</p> <p>Ordes de cotas.</p> <p>Raiado e sombreado.</p> <p>Opcións e ordes de superficies. Opcións e ordes de sólidos.</p> <p>Librerías de produtos.</p>

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Representación de obxectos con sistemas CAD 3D - Aprenderase a manexar as ferramentas de CAD 3D para representar produtos mecánicos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do contorno de traballo de programas CAD 3D: Configuracións iniciais. Ferramentas de operacións: extrusión, revolución, varrido, burato, empalme, chaflán,...etc Elementos de traballo. Patróns.. Explicar o manexo de librerías e como descargar elementos modelizados Elaboración de planos. Configuración da presentación. Inserción de vistas. Acotación das vistas. Marcado e elaboración da lista de pezas. Corrección de exercicios propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Atender ás explicacións e reproducir no seu PC o que lle indique o profesor/a. Facer o modelizado de diferentes pezas (sólidos con xeometría variada, pezas de chapa, pezas soldadas, etc.) empregando as ferramentas do programa SOLIDWORKS. Representar produtos mecánicos. Ensamblar conxuntos mecánicos. Descargar e utilizar os elementos contidos en librerías específicas. Elaborar planos de conxunto e despezamento de produtos mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> Arquivos cos deseños elaborados 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais e informáticos. Aula virtual. Software CAD 2D. Encerado. Apuntamentos, manuais e exercicios proporcionados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Documentación gráfica en programas CAD 3D OU.2 - Documentación gráfica en programas CAD 3D OU.3 - Documentación gráfica en programas CAD 3D TO.1 - EV aplicada á elección de opcións e preferencias do CAD TO.4 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	25,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Simulación en sistemas CAD 3D - Aprenderase a simular conxuntos vendo as interaccións en pezas.	<ul style="list-style-type: none"> • Ensinar a asignar restricións ás pezas e simular a súa montaxe e o seu movemento • Ensinar a simular a interacción entre as pezas dun conxunto para verificar a súa montaxe e a súa funcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Asignar restricións ás pezas e simular a súa montaxe e o seu movemento. • Facer simulacións de conxuntos e detectar interaccións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Arquivos cos deseños elaborados 	<ul style="list-style-type: none"> • Medios audiovisuais e informáticos. Aula virtual. Software CAD 2D. Encerado. Apuntamentos, manuais e exercicios proporcionados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.4 - Documentación gráfica en programas CAD 3D • OU.5 - Documentación gráfica en programas CAD 3D • TO.4 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	8,0
Xestión de ficheiros e impresión de planos en sistemas CAD 3D - Farase a importación e exportación de ficheiros e impresión de planos en sistemas CAD 3D	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar os procedementos para a importación e exportación de ficheiros. • Ensinar a sacar planos. Engadir cotas e editar os formatos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Facer a exportación de ficheiros posibilitando o traballo en grupo e o seu uso noutras aplicacións. • Imprimir e pregar os planos seguindo as normas de representación gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Arquivos cos deseños elaborados 	<ul style="list-style-type: none"> • Medios audiovisuais e informáticos. Aula virtual. Software CAD 2D. Encerado. Apuntamentos, manuais e exercicios proporcionados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.2 - EV aplicada á xestión de ficheiros • TO.3 - EV aplicada á impresión e pregado de planos • TO.4 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	2,0
TOTAL						35,0



4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Automatización pneumática e hidráulica.	23

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Representa sistemas de automatización pneumáticos, hidráulicos e eléctricos aplicando normas de representación, e especifica a información básica de equipamentos e elementos.	NO

4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Representar a simboloxía pneumática e hidráulica	1	Simboloxía pneumática e hidráulica	7,0
2.1 Elaborar as listaxes de compoñentes	2	Listaxes de compoñentes dos sistemas	5,0
3.1 Identificar os xeitos de representar esquemas de automatización	3	Esquemas de automatización pneumática e hidráulica	11,0
TOTAL			23

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os xeitos de representar un esquema de automatización.	● PE.1 - Exercicio de esquemas de automatización	N	10
CA1.2 Debúxáronse os símbolos pneumáticos e hidráulicos segundo normas de representación gráfica.	● PE.2 - Exercicio de esquemas de automatización	S	25
CA1.4 Realizáronse listaxes de compoñentes dos sistemas.	● PE.3 - Exercicio de esquemas de automatización	S	15
CA1.5 Utilizáronse referencias comerciais para definir os compoñentes da instalación.	● PE.4 - Exercicio de esquemas de automatización	S	15
CA1.6 Representáronse valores de funcionamento da instalación e as súas tolerancias.	● PE.5 - Exercicio de esquemas de automatización	N	5
CA1.7 Representáronse as conexións e as etiquetas de conexión de instalacións.	● PE.6 - Exercicio de esquemas de automatización	S	15
CA1.8 Actuouse no traballo de xeito responsable, de forma ordenada e metódica; e cumpríronse os obxectivos.	● TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo.	N	15
TOTAL			100

4.10.e) Contidos

Contidos
Identificación de compoñentes en esquemas pneumáticos e hidráulicos.
Simboloxía de elementos pneumáticos e hidráulicos.
Simboloxía de conexións entre compoñentes.
Etiquetas de conexións.



Contidos
Desenvolvemento metódico do traballo.

4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Simbología pneumática e hidráulica - Representaranse elementos eléctrica e electrónica.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da simbología empregada en instalacións pneumáticas e hidráulicas 	<ul style="list-style-type: none"> Debuxar os símbolos eléctricos e electrónicos segundo normas de representación gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos de esquemas de automatización 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenadores e software informático. Encerado. Útiles de debuxo. Apuntamentos. Catálogos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Exercicio de esquemas de automatización TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	7,0
Listaxes de compoñentes dos sistemas - Elaborarase a listaxe de compoñentes empregando catálogos comerciais	<ul style="list-style-type: none"> Facer seguimento e correxir defectos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar listaxes de compoñentes dos sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos de esquemas de automatización 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenadores e software informático. Encerado. Útiles de debuxo. Apuntamentos. Catálogos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Exercicio de esquemas de automatización PE.4 - Exercicio de esquemas de automatización TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	5,0
Esquemas de automatización pneumática e hidráulica - Representaranse esquemas de automatización	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de como representar un esquema de automatización. 	<ul style="list-style-type: none"> Representar esquemas de automatización indicándo os valores de funcionamento así como as conexións e as etiquetas de conexión de instalacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos de esquemas de automatización 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenadores e software informático. Encerado. Útiles de debuxo. Apuntamentos. Catálogos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Exercicio de esquemas de automatización PE.5 - Exercicio de esquemas de automatización PE.6 - Exercicio de esquemas de automatización TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	11,0
TOTAL						23,0



4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Automatización eléctrica e autómatas programables.	20

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Representa sistemas de automatización pneumáticos, hidráulicos e eléctricos aplicando normas de representación, e especifica a información básica de equipamentos e elementos.	NO

4.11.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Representar a simboloxía eléctrica e electrónica	1	Simboloxía eléctrica e electrónica	7,0
2.1 Elaborar as listaxes de compoñentes	2	Listaxes de compoñentes dos sistemas	4,0
3.1 Identificar os xeitos de representar esquemas de automatización	3	Esquemas de automatización eléctrica e electrónica	9,0
TOTAL			20

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os xeitos de representar un esquema de automatización.	● PE.1 - Exercicio de esquemas de automatización	N	10
CA1.3 Debúxáronse os símbolos eléctricos e electrónicos segundo normas de representación gráfica.	● PE.2 - Exercicio de esquemas de automatización	S	25
CA1.4 Realizáronse listaxes de compoñentes dos sistemas.	● PE.3 - Exercicio de esquemas de automatización	S	15
CA1.5 Utilizáronse referencias comerciais para definir os compoñentes da instalación.	● PE.4 - Exercicio de esquemas de automatización	S	15
CA1.6 Representáronse valores de funcionamento da instalación e as súas tolerancias.	● PE.5 - Exercicio de esquemas de automatización	N	5
CA1.7 Representáronse as conexións e as etiquetas de conexión de instalacións.	● PE.6 - Exercicio de esquemas de automatización	S	15
CA1.8 Actuouse no traballo de xeito responsable, de forma ordenada e metódica; e cumpríronse os obxectivos.	● TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo.	N	15
TOTAL			100

4.11.e) Contidos

Contidos
Identificación de compoñentes en esquemas eléctricos e programables.
Simboloxía de elementos eléctricos, electrónicos e programables.
Simboloxía de conexións entre compoñentes.
Etiquetas de conexións.



Contidos
Desenvolvemento metódico do traballo.

4.11.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Simbología eléctrica e electrónica - Representaranse elementos eléctrica e electrónica	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da simbología empregada en instalacións eléctricas e electrónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Debuxar os símbolos eléctricos e electrónicos segundo normas de representación gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos de esquemas de automatización 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenadores e software informático. Encerado. Útiles de debuxo. Apuntamentos. Catálogos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Exercicio de esquemas de automatización TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	7,0
Listaxes de compoñentes dos sistemas - Elaboración da listaxe de compoñentes empregando catálogos comerciais	<ul style="list-style-type: none"> Facer seguimento e correxir. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar listaxes de compoñentes dos sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos de esquemas de automatización 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenadores e software informático. Encerado. Útiles de debuxo. Apuntamentos. Catálogos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Exercicio de esquemas de automatización PE.4 - Exercicio de esquemas de automatización TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	4,0
Esquemas de automatización eléctrica e electrónica - Representaranse esquemas de automatización	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de como representar un esquema de automatización. 	<ul style="list-style-type: none"> Representar esquemas de automatización indicándo os valores de funcionamento así como as conexións e as etiquetas de conexión de instalacións. Ser quen de utilizar referencias comerciais para definir os compoñentes da instalación. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos de esquemas de automatización 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenadores e software informático. Encerado. Útiles de debuxo. Apuntamentos. Catálogos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Exercicio de esquemas de automatización PE.5 - Exercicio de esquemas de automatización PE.6 - Exercicio de esquemas de automatización TO.1 - Escala de valoración aplicada a actitude e a dilixencia no traballo. 	9,0
TOTAL						20,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES.

Nos apartados 4.n.d desta programación (onde n é o número de unidade didáctica) están indicados os criterios de avaliación (CA) que se consideran mínimos esixibles.

Un CA denomínase mínimo esixible cando se considera imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe (RA)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

O alumnado fará ao remate de cada actividade, UD ou conxunto de UD unha tarefa de avaliación combinada que inclúa as probas escritas (PE) asociadas a cada CA.

Para avaliar os CA relacionados cunha actitude ou coa forma na que executan as operacións das que consta un procedemento empregaranse Táboas de Observación (TO) que dispoñen duns indicadores (subcriterios de avaliación) e se poden valorar de forma binaria (lista de cotexo), ou mediante unha escala de máis niveis (escala de valoración).

A cualificación das Avaliacións parciais trimestrais e a Avaliación final obterase a partir das cualificacións globais das Unidades Didácticas (UD), tendo en conta os pesos asignados a cada UD. Aplicarase a media ponderada sempre que se alcanzara a cualificación mínima (5 sobre 10) na avaliación dos mínimos esixibles e a cualificación das UD sexa como mínimo un 4 sobre 10. No caso de que o alumnado non aprobe (cualificación inferior a 5 sobre 10), terá que facer actividades de recuperación das UD suspensas e unha proba de recuperación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso. (Artigo 29.3 da ORDE do 12 de xullo de 2011).

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignarlle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. (Artigo 31.4 da ORDE do 12 de xullo de 2011)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro (artigo 25.3 da ORDE do 12 de xullo de 2011) Polo tanto:

-Cando o número de faltas non xustificadas supere o 10 % das horas totais do módulo, comunicaráselle por escrito ao alumnado que perdeu o dereito a avaliación continua.

-Aqueles alumnos/as que incorran na perda do dereito á avaliación continua, deberán realizar unha proba de avaliación extraordinaria dos mínimos esixibles do módulo que se celebrará no mes de Xuño.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O docente fará o seguimento da programación na aplicación web da consellería de educación. En paralelo, tamén se pode ir elaborando unha versión de traballo na que se poden subdividir CA para axustalos mellor aos instrumentos de avaliación, detallar máis os contidos e complementar as actividades e recursos.

A revisión da programación supónlle ao profesorado un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación, co fin de introducir medidas de mellora no proceso de ensino. Os aspectos que serán obxecto de reflexión serán os seguintes:

-No que respecta aos obxectivos: ¿Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa? ¿Fan referencia ás capacidades coas se relaciona o noso módulo?

-No relativo á metodoloxía: ¿Os materiais curriculares que serven de apoio a esta programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico e curricular? ¿Foron adecuados os espazos e recursos previstos?

-No relacionado coa avaliación: ¿Explicáronse correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que logralos? ¿As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna? ¿Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado?

Ademais o alumnado fará unha enquisa anónima, segundo o procedemento e modelo creados polo sistema de calidade dos CIFP, docente

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo se recolle no "artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011", ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Neste módulo o alumnado fará unha proba de coñecementos previos para ver o punto de partida e valorar así o seu progreso.



Mediante chamadas ó encerado e a observación do traballo de clase verase a evolución de cada un e, se é o caso, a necesidade de medidas de reforzo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense as medida de reforzo educativo (artigo 8.2 do DECRETO 229/2011)
O recoñecemento das diversidade existentes (capacidade, motivación, ritmos de aprendizaxe...) constitúen o punto de partida para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades entre o alumnado. Este obxectivo só é alcanzable se a aula se converte nun referente básico e o profesorado no eixe principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. Para acadar este obxectivo adoptaranse as seguintes medidas de reforzo:

- Traballarse de forma coordinada co equipo de orientación para ofrecerlle o apoio necesario.
- Deseñaranse actividades de reforzo e prestarase especial atención na aula aos alumnos que teñan dificultades para alcanzar os obxectivos.
- Na medida do posible, adaptaranse os medios para os alumnos con algunha discapacidade, de xeito que esta non sexa limitante.
- Proporanse actividades de ampliación para os máis adiantados.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O enfoque sociocultural do estudo da representación gráfica en construcións metálicas supón o tratamento de perspectivas críticas e valorativas incluídas nas propostas de temas transversais.

- Educación ambiental: Os usos das diversas tecnoloxías empregadas na fabricación mecánica supón unha modificación do medio ambiente ou entorno laboral.
- Educación para a saúde: neste módulo, e nas recomendacións que se realizarán antes das actividades, incluíranse a explicación das precaucións e normas de seguridade e saúde laboral que se teñen que respectar para o seu desenvolvemento.
- Educación non sexista: nun mundo tan sexista como o do sector do metal, fomentarse a educación para igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres proporcionando contextos de aprendizaxe nos que os aspectos tecnolóxicos non teñan marcado carácter masculino.
- Educación para a convivencia: fomentarse a actuación responsable no traballo en equipo na realización de algunhas tarefas dalgunhas Unidades Didácticas.
- Educación para a competencia dixital: neste senso, os alumnos disporán dun aula virtual que favorecerá a aprendizaxe e o acceso aos materiais en calquera momento e lugar.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo visitas a empresas: Este método permite o contacto coas empresas reais onde se desenvolverán as tarefas que o alumno levará a cabo na súa actividade profesional. Unha das empresas que se visita pode ser de estrutura metálica e caldeiraría pesada e outra de caldeiraría lixeira, conformados metálicos. (METALDEZA, GAMELSA, etc.)
Visitas a feiras e exposicións: Permite por en contacto ao alumnado coas novas tecnoloxías no eido da súa formación. Estas visitas dependen da cadencia das propias feiras.

10. Outros apartados



10.1) Proba de AVALIACIÓN INICIAL

PODERÁSE UTILIZAR O SEGUINTE CUESTIONARIO:

1ª.- Indica, ¿Qué lapis dos seguintes é o máis brando?

- a) 3 H
- b) HB
- c) 2B

2ª.- Sabendo que as medidas normalizadas que ten un formato A4 son 210x 297 mm. ¿ ¿Qué medidas terá un A3?

- a) 297 x 420
- b) 140 x 210
- c) 420 x 594

3ª.- Indica para que se utiliza no debuxo técnico a liña grosa de trazos.

4ª.- Unha liña de 140 mm. de largo real está debuxada no papel cunha lonxitude de 70 mm. ¿A que escala está feito o debuxo?

- a) 1/10
- b) 5/1
- c) 1/20

5ª.- Indica tres requisitos que debemos ter en conta a hora de plegar un plano.

6ª.- Indica, que ángulos ten o cartabón.

7ª.- ¿Como se chaman as vistas que se empregan no croquizado?

8ª.- ¿Qué tres cousas hai que indicar a hora de facer un corte? ¿Qué se fai coas partes macizas da peza



9.- Fai as tres vistas da seguinte peza:

10ª.- AUTOCAD --> ¿Cómo podemos activar o ¿Orto¿ a través do teclado?

- a) Coa barra espaciadora.
- b) Coa tecla F8.
- c) Con Maiúsculas + CTRL

11ª.- ¿Cómo designarías un perfil laminado en forma de H? ¿A que corresponde a cifra?

12ª.- AUTOCAD --> Cando facemos unha simetría, ¿Qué datos nos solicita o programa?

13ª.- Pon un exemplo de acotación con tolerancias utilizando a norma ISO.

14ª.- ¿Qué significa cando nunha rosca acotamos ¿M12 x 1,25¿?

15ª.- Nunha montaxe, indica o nome de dous tipos de pasadores que se poden empregar.